<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as dificultades do alumnado relacionadas co seu estilo de aprendizaxe e desenvolver hábitos e técnicas de traballo intelectual.</li> <li>• Mellorar a adquisición de competencias clave no alumnado en risco de abandono escolar temperá.</li> <li>• Impulsar a coordinación entre organizacións e institucións da comunidade para reducir o abandono escolar temperá.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora no rendemento académico dos estudantes en risco.</li> <li>• Participación e motivación dos estudantes en actividades do centro.</li> <li>• Grao de coordinación e colaboración entre organizacións e institucións locais.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebracións conxuntas entre escolas que fomente o benestar e o sentido de pertenza ao centro.</li> </ul>		

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dotación de material educativo baixo criterios dunha metodoloxía que fomente o ensino multigráo.</li> <li>• Desenvolvemento do Proxecto de Centro: " A ORIXE".</li> <li>• Fomentar metodoloxía de aprendizaxe servizo a través de proxectos solidarios. Creación de mesas de traballo cos distintos axentes educativos, organizacións e institucións da contorna de cara a desenvolver proxectos con incidencia na comunidade.</li> </ul>
--	--

<b>Liña de actuación: INCLÚE – IGUÁLA-T</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Ten como obxectivo principal promover a coeducación e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito educativo. Recoñece a importancia da educación na eliminación de estereotipos de xénero, na prevención da violencia de xénero e no respecto á diversidade afectivo-sexual e de xénero. O programa enfócase na intervención nos centros educativos para contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver na escola valores que promovan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero e de actitudes discriminatorias relacionadas coa orientación sexual ou a identidade de xénero.</li> <li>• Facilitar dinámicas para sensibilizar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marginación e discriminación por razón de sexo na vida cotiá do alumnado e en outras realidades, participando en iniciativas que busquen cambiar estas situacións.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de actividades realizadas para sensibilizar sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual.</li> <li>• Participación do alumnado en actividades relacionadas coa igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero.</li> <li>• Avaliación da percepción do alumnado sobre a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero na escola.</li> <li>• Producción e distribución de material educativo e recursos que promovan valores igualitarios.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebración conxunta do Día da Muller (8 de marzo)</li> <li>• Representación artística no que se fomente a igualdade.</li> <li>• Dotación de material educativo que transmita valores igualitarios.</li> <li>• Elaboración de material propio que fomente valores igualitarios.</li> <li>• Asesoramento e formación en igualdade.</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: INCLÚE – CONVÍVE-T</b>	
<b>Descrición do programa</b>	Enfócase en promover un ambiente de convivencia pacífica, democrática e respectuosa dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa nas escolas. O obxectivo é que a escola sexa un lugar seguro e acolledor onde se fomente a convivencia positiva e se promova o interese pola diversidade. Este programa está en liña coa Estratexia Galega de Convivencia Escolar, Educonvives 2025. Centra-se en desenvolver medidas que melloren o clima escolar, previnan condutas violentas ou discriminatorias, faciliten a mediación escolar, xestionen conflitos e promovan a

	participación colaborativa das familias e outras institucións na mellora da convivencia escolar.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia na comunidade educativa.</li> <li>• Promover un axeitado clima na aula e no centro escolar, tendo en conta as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa.</li> <li>• Mellorar a competencia social e cívica (CSC) dos estudantes.</li> <li>• Impulsar a participación colaborativa das familias e outras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.</li> <li>• Promover medidas que fomenten a convivencia positiva.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de incidencias relacionadas coa convivencia.</li> <li>• Incremento de mellora no clima na aula e no centro.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organización e execución das celebracións conxuntas do CRA de Rianxo de cara a unha mellora da convivencia escolar.</li> <li>• Mellora do entorno exterior, para favorecer a convivencia dos nenos e nenas.</li> <li>• Dotación de material relacionado co desenvolvemento da intelixencia emocional que mellore o clima do centro e dote ao alumnado de capacidade para unha resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: INCLÚE – INCLÚE-T</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Enfócase na mellora da inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, ou retornado ou que está en risco de exclusión social.</li> <li>• Promover estratexias que fomenten a inclusión e a equidade educativa.</li> <li>• Identificar e potenciar as diversas habilidades ou competencias do alumnado.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incremento da inclusión nas aulas.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apadriñamento lector. Titorización entre iguais.</li> <li>• Charlas de asesoramento para o profesorado que tente dar respostas concretas as necesidades educativas do alumnado.</li> <li>• Dotación de material didáctico tanto para o Departamento de</li> </ul>		



	<p>Orientación como as aulas que atendan á diversidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebración das conmemoracións: Día internacional das persoas con discapacidade / Día de Concienciación do síndrome de Down / Día de Concienciación do autismo.</li> </ul>
--	---

Liña de actuación: INCLÚE – EMOCIÓNA-T			
<b>Descrición do programa</b>	Este programa céntrase na importancia dos aprendizaxes non cognitivos (emocionais) para o benestar e o progreso social, co obxectivo de mellorar a calidade educativa en contextos escolares. Busca desenvolver accións para mellorar a competencia socioemocional da comunidade educativa, promovendo o benestar emocional persoal e social, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan a autoestima, a empatía, a resiliencia, as habilidades comunicativas, o autocontrol emocional e a identificación de emocións propias e alleas.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adquirir e desenvolver competencias emocionais en toda a comunidade educativa.</li> <li>• Avanzar cara a unha educación emocional transversal.</li> <li>• Potenciar a implementación de programas de intervención para o desenvolvemento de competencias emocionais.</li> <li>• Implicar ao profesorado na formación en educación emocional.</li> <li>• Mellorar o rendemento académico do alumnado a través das habilidades emocionais.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de programas de intervención para o desenvolvemento de competencias emocionais.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun folleto informativo dirixidos ás familias, con recomendación de lecturas e recursos web que aborde a intelixencia emocional.</li> <li>• Dotación de material didáctico que aborde a xestión emocional do alumnado.</li> <li>• Actuación artística sobre as emocións.</li> <li>• Material artístico que permita abordar as emocións desde a arte.</li> <li>• Elaboración dun Plan de Habilidades Sociais e Emocionais</li> </ul>		

Liña de actuación: INNOVA - EDUInnova	
<b>Descrición do programa</b>	Ten como obxectivo principal promover a innovación educativa nos centros docentes, especificamente baixo a denominación "EDUInnova". A innovación educativa concíbese como a introdución de ferramentas e enfoques que capaciten aos estudantes para enfrontar os desafíos do mundo actual. Esta innovación non se limita a coñecementos estáticos, senón que se enfoca no desenvolvemento de competencias que permitan o continuo crecemento e adaptación.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dotar aos estudantes de competencias que abarquen áreas como a lingüística, matemática, ciencia, tecnoloxía e habilidades dixitais.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a competencia lingüística a través de programas de apadriñamento lector.</li> <li>• Mellorar a competencia social e cívica do alumnado mediante celebracións conxuntas.</li> <li>• Desenvolver o proxecto "conectados pola rede" para establecer unha relación regular entre as escolas e promover o desenvolvemento da competencia dixital.</li> </ul>			
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.			
<b>Temporalización</b>	<table border="1"> <tr> <td>1º T <input type="checkbox"/></td> <td>2º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td>3º T <input checked="" type="checkbox"/></td> </tr> </table>	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>		
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O aumento nas cualificacións e desempeño académico dos estudantes en áreas específicas como lingüística, matemática, ciencia e tecnoloxía.</li> <li>• A participación e progreso en programas de apadriñamento lector.</li> <li>• O impacto positivo na competencia social e cívica, medido a través de enquisas, observacións e avaliacións.</li> <li>• A implementación con éxito e o alcance do proxecto "conectados pola rede", con métricas relacionadas coa colaboración entre escolas e o desenvolvemento de habilidades dixitais.</li> </ul>			
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.			
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dotación de xogos e material didáctico que contribúan a un aumento das competencia lingüística, matemática, ciencia e tecnoloxía e dixital.</li> <li>• Apadriñamentos lector que contribúa a competencia lingüística.</li> <li>• Celebracións conxuntas que incidirán sobre todo na competencia social e cívica do alumnado.</li> <li>• Desenvolver o proxecto "conectados pola rede" que permita unha relación regular entre escolas e permita un desenvolvemento da competencia dixital.</li> </ul>			

Liña de actuación: INNOVA-EDUexcelencia				
<b>Descrición do programa</b>	Céntrase na promoción da excelencia na educación a través do enfoque nunha área de coñecemento específica, denominada "EDUexcelencia". A descrición suxire que o programa busca personalizar a educación para cada alumno, proporcionando os recursos educativos necesarios para que poidan alcanzar o seu máximo potencial en termos de coñecemento e habilidades.			
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover a excelencia na educación, axudando aos alumnos a alcanzar o seu máximo potencial.</li> <li>• Fomentar a motivación do alumnado ao centrar as accións en áreas de interese e capacidades individuais.</li> <li>• Construír un sistema educativo que se base nas paixóns e habilidades dos estudantes, personalizando o seu aprendizaxe e avaliación.</li> <li>• Motivar aos estudantes a ser creativos e ingeniosos no seu proceso educativo.</li> </ul>			
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.			
<b>Temporalización</b>	<table border="1"> <tr> <td>1º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td>2º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td>3º T <input checked="" type="checkbox"/></td> </tr> </table>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>		

<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incremento da motivación do alumnado.</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto de especialización das aulas multigráo dirixido ao profesorado.</li> <li>• Implantación do proxecto de centro "A Orixe" que permitirá un coñecemento profundo no ámbito das ciencias da natureza.</li> <li>• Introducir a metodoloxía DUA nas escolas do CRA.</li> </ul>

<b>Liña de actuación: INNOVA – EDUsaúde</b>			
<b>Descrición do programa</b>	<p>Enfócase en promover o benestar físico e emocional do alumnado a través da implementación de medidas relacionadas coa saúde e o estilo de vida saudable nos centros educativos. En particular, céntrase no ámbito da educación para fomentar hábitos de vida saudables entre os estudantes. O programa busca proporcionar aos alumnos información sólida sobre a saúde, co obxectivo de respaldar unha ensinanza efectiva e promover decisións responsables relacionadas co coidado da saúde, a prevención de enfermidades e a mellora da calidade de vida. Ademais, recoñece que os centros educativos desempeñan un papel fundamental na promoción da actividade física e os hábitos alimentarios saudables, coa intención de que estes se manteñan ao longo da vida dos estudantes.</p>		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promover o benestar físico e emocional do alumnado.</li> <li>• Facilitar a adquisición de información sólida sobre a saúde.</li> <li>• Fomentar a toma de decisións responsables relacionadas co coidado da saúde.</li> <li>• Impulsar a prevención de enfermidades.</li> <li>• Mellorar a calidade de vida dos estudantes.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de alumnos que participan na Carreira das letras.</li> <li>• Implementación exitosa de merendas saudables en todas as escolas do CRA.</li> <li>• Participación e asistencia na Xornada multideporte.</li> <li>• Número de talleres de cociña con alimentos saudables realizados.</li> <li>• Cambios nos hábitos alimentarios e niveis de actividade física dos estudantes ao longo do tempo.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organización da Carreira das letras.</li> <li>• Implantación das merendas saudables en todas as escolas do CRA.</li> <li>• Xornada multideporte. xuntanza de tódalas escolas do CRA para realizar actividades deportivas e de fomento da saúde.</li> <li>• Obradoiros de cociña con alimentos saudables</li> </ul>		

<b>Liña de actuación: INNOVA-EDUsostibilidade</b>	
<b>Descrición do programa</b>	<p>Ten como obxectivo principal promover o compromiso dos centros educativos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a transición ecolóxica. Enmárcase dentro da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e busca contribuír á transformación cara a unha economía sostible desde o punto de vista medioambiental, circular e climaticamente neutra. Este programa recoñece que a</p>

	transición cara a un futuro sostible é un esforzo conxunto que require a participación activa de toda a sociedade.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Garantir que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible.</li> <li>• Fomentar a sensibilización e a concienciación sobre temas medioambientais.</li> <li>• Proporcionar unha educación de calidade que forme unha cidadanía activa capaz de afrontar o cambio climático e asegurar un desenvolvemento sostible.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de actividades relacionadas co medio ambiente levadas a cabo polos centros educativos.</li> <li>• O grao de participación de estudantes e profesores en iniciativas de compostaxe e xestión de residuos.</li> <li>• A cantidade de recursos sostibles proporcionados aos patios escolares.</li> <li>• O impacto na conciencia ambiental e a participación activa da comunidade educativa na promoción dos ODS e da sostibilidade.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebrar conmemoracións relacionadas co medio ambiente.</li> <li>• Mestres e alumnos composteiros. Uso do composteiro da escola e xeración do compós.</li> <li>• Obradoiro de refugallo.</li> <li>• Creación de HORTOS ESCOLARES nos patios das escolas.</li> <li>• Dotación de material para patios sostibles</li> </ul>		
<b>Liña de actuación: INNOVA - EDUcalidade</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Enfócase en mellorar a calidade educativa nos centros educativos. Recoñece que a autonomía dos centros para tomar decisións sobre a súa organización e funcionamento, así como a promoción da función directiva, son factores clave para promover a calidade no sistema educativo. O programa busca realizar unha avaliación inicial dos centros para identificar a súa situación actual e o seu contexto, co obxectivo de deseñar accións que fomenten e promovan a calidade nestes centros.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellorar a calidade educativa nos centros educativos.</li> <li>• Promover a autonomía dos centros na toma de decisións organizativas e de funcionamento.</li> <li>• Reforzar a función directiva nos centros educativos.</li> <li>• Identificar a realidade dos centros e o seu contexto mediante unha avaliación inicial.</li> <li>• Deseñar accións de calidade educativa baseadas na avaliación inicial.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todo o alumnado.		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>	<b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Melloría na función directiva.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión e propostas de mellora do protocolo de acollida do novo profesorado.</li> <li>• Revisión da guía con pautas ás familias para a incorporación de alumnado de novo ingreso.</li> </ul>		

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración do protocolo, procedemento e documentos para a comunicación coas familias.</li> <li>• Revisión e propostas de mellora do protocolo de actuación ante incidencias informáticas.</li> <li>• Formación e asesoramento na xestión da calidade</li> </ul>
--	---

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: Club de ciencia	
<b>Descrición do programa</b>	<p>O programa de Club de Ciencia xurde no noso centro como un espazo para despertar a curiosidade científica do noso alumnado, que se atopa nunha etapa de aprendizaxe onde a curiosidade en sí invade os seus intereses e na que están a formar hábitos de coñecemento da realidade a través da investigación e da exploración.</p> <p>Dende o seu inicio, recabouse a colaboración da entidade Arenaria Coordinación pola súa experiencia na divulgación científica en entornos escolares; esta entidade xa realizara varios proxectos de investigación científica no noso centro e en varios centros da comarca con moito éxito.</p> <p>O club plantexouse como un espazo de aprendizaxe non formal no que os escolares se mergullan no eido científico a través dunha metodoloxía práctica na que predomina o diálogo grupal, o traballo en equipo, a observación, a manipulación e a elaboración de hipóteses para intentar dar resposta ós porqués de numerosos fenómenos naturais cos que conviven.</p> <p>Tamén destaca o uso da lingua galega no ámbito científico e o papel da muller na ciencia. Tratamos de inculcar a participación de cada un dos alumnos e alumnas, potenciando o manexo dos materiais por parte de cada un deles, a familiarización co mundo da ciencia e o seu desenvolvemento persoal. Así como tamén traballamos diferentes áreas dentro da ciencia, un día nos convertimos en paleontólogos, outro día en xeólogos, en físicos, en biólogos..... Mostramos as diversas caras da ciencia dende un punto de vista lúdico- pedagóxico para afianzar a súa seguridade e evitar o medo polas asignaturas de ciencias.</p> <p>Todo o equipo docente participa neste programa considerando esta experiencia moi positiva en todos os aspectos, converténdose nunha das actividades preferidas polos nenos e nenas e nunha actividade vertebradora dentro do funcionamento do noso centro.</p>
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Achegar ao alumnado ao eido científico dun xeito lúdico-didáctico a través dunha proposta baseada no desenvolvemento de actividades e proxectos de divulgación científica na que eles sexan os protagonistas.</li> <li>2. Incentivar a curiosidade e o pensamento crítico.</li> <li>3. Xerar relacións entre nenos e nenas de diferentes idades cun punto en común: a ciencia.</li> <li>4. Dar a coñecer o porqué dos fenómenos naturais e cercanos cos que convivimos a diario.</li> <li>5. Afianzar a seguridade cara as materias de ciencia.</li> <li>6. Potenciar e fomentar a creatividade a través da realización de experimentos, xogos, obradoiros e outras actividades nas que o alumnado observe, manipule e sexa o protagonista do seu aprendizaxe.</li> <li>7. Fomentar o uso da lingua galega no ámbito científico.</li> <li>8. Poñer de manifesto o papel da muller na ciencia.</li> </ol>
<b>Cursos</b>	5º e 6º de Ed. Infantil + 1º e 2º Ed. Primaria

implicados			
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
<b>Indicador</b>	<p>Obx 1. Achegar ao alumnado ao eido científico dun xeito lúdico-didáctico a través dunha proposta baseada no desenvolvemento de actividades e proxectos de divulgación científica na que eles sexan os protagonistas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: incremento na participación activa do alumnado en actividades e proxectos de divulgación científica.</li> <li>Indicador 2: creación e seguimento dun rexistro de proxectos científicos realizados polos estudantes.</li> <li>Indicador 3: avaliación positiva da satisfacción e o interese do alumnado na divulgación científica.</li> </ul> <p>2. Incentivar a curiosidade e o pensamento crítico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: medición do aumento na realizaición de preguntas e na busca de respostas por parte dos estudantes.</li> <li>Indicador 2: avaliación da capacidade dos estudantes para analizar información científica e formular argumentos críticos.</li> <li>Indicador 3: observación dun aumento na participación activa dos estudantes en conversas relacionadas coa ciencia.</li> </ul> <p>3. Xerar relacións entre nenos e nenas de diferentes idades cun punto en común: a ciencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: creación de oportunidades e eventos para a interacción entre estudantes de diferentes idades no contexto da ciencia.</li> <li>Indicador 2: rexistro e seguimento das interaccións e relacións que xurden entre os estudantes como resultado de actividades científicas compartidas.</li> </ul> <p>4. Dar a coñecer o porqué dos fenómenos naturais e cercanos cos que convivimos a diario.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: avaliación da capacidade dos estudantes para explicar as causas e efectos dos fenómenos naturais que conviven.</li> </ul> <p>5. Afianzar a seguridade cara as materias de ciencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: avaliación da confianza e autoestima dos estudantes en relación coas súas habilidades en ciencia.</li> <li>Indicador 2: observación dunha actitude máis positiva cara á ciencia por parte dos estudantes.</li> </ul> <p>6. Potenciar e fomentar a creatividade a través da realización de experimentos, xogos, obradoiros e outras actividades nas que o alumnado observe, manipule e sexa o protagonista do seu aprendizaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: rexistro da participación e o entusiasmo dos estudantes en experimentos, xogos e obradoiros científicos.</li> <li>Indicador 2: avaliación da creatividade e da capacidade de resolución de problemas dos estudantes no contexto destas actividades.</li> </ul> <p>7. Fomentar o uso da lingua galega no ámbito científico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: seguimento da incorporación da lingua galega nas actividades científicas e na comunicación dos estudantes.</li> <li>Indicador 2: avaliación da fluidez e competencia lingüística dos estudantes en galego no contexto científico.</li> </ul> <p>8. Poñer de manifesto o papel da muller na ciencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indicador 1: avaliación da percepción do papel das mulleres na ciencia por parte dos estudantes.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Celia Piñeiro García como coordinadora.		

<b>Actividades</b>	<b>1. SESIÓNS DO CLUB DE CIENCIA:</b>	
	<b>A ORIXE- PRESENTACIÓN</b>	Iniciamos este ano o clube de ciencia situando o PDI do CRA, que uniremos nalgunhas sesións de ciencia. Neste caso, falando da Orixe, pero da CIENCIA!! E como xorde o coñecemento, inventos e descubrimentos das antigas civilizacións..¿cales serías os avances máis importantes na historia??
	<b>ENTRE PEIXES ANDA O XOGO</b>	Ao longo da historia do planeta, houbo diferentes pasos importantes na nosa evolución. Sempre se fala dos monos, pero un paso vital para nós foi o primeiro vertebrado do planeta, e aquí falaremos e poderemos ver cómo eran estes artistas da evolución e da adaptación.
	<b>O CORPO HUMANO, UNHA MÁQUINA PERFECTA</b>	¿De qué estamos formados? ¿que temos por dentro? Investigamos como funciona a máquina que levamos posta todos os días!
	<b>XUNTAMOS CABLES E FACEMOS LUZ!</b>	Nesta sesión andamos ás voltas coa electricidade, e crearemos o noso propio circuíto eléctrico, probaremos motores en muiños de vento, etc.
	<b>UN POUCO DE INTELIXENCIA.... ARTIFICIAL</b>	Qué é iso da IA? Ou a realidade aumentada? A través de tablets e apps investigamos como funciona, e xogaremos con ela!
	<b>ESTUDO DE RASTROS DE ANIMAI</b>	Cando imos ao monte ou praia, as veces non podemos ver os animais que viven aquí, pero si que atopamos rastros. Aprenderemos cómo identificalos e coñecer máis do noso entorno natural.
	<b>E TI...DE QUEN VES SENDO?</b>	De onde veñen os animais que podemos ver hoxe no noso día a día? Investigamos e coñeceremos quen son os avos dos nosos mexillóns, polvos, nécoras, ourizos...
	<b>ROTEIRO DIDÁCTICO  AO RÍO TÉ</b>	Como todos os anos pecharemos o noso club de ciencia cunha excursión ao río Té, gozando do camiño e das posibilidades que nos ofrece este entorno para convertirmos nuns verdadeiros científicos de campo.
	<b>1. SEMANA DA CIENCIA:</b>	

	<p>Durante a semana do 25 ao 29 de xaneiro os compañeiros de Arenaria visitarán as nosas escolas para implementar o mundo da ciencia na aula. Esta actividade dirixida a todo o alumnado ao igual que en cursos precedentes, centrarase no temática do PDI de centro. Traballárase con material manipulativo para goce dos nenos e nenas.</p> <p><b>1. MALETA CIENTÍFICA VIAXEIRA:</b></p> <p>Como en cursos anteriores a partires de primeiros de novembro circulará polas nosas escolas unha maleta con material científico para que o noso alumnado poda experimentar e aprender. A maleta permanecerá ao redor dun mes en cada unha das nosas escolas. Dentro podemos atopar unha libreta onde cada escola pode recoller de xeito voluntario o traballado na aula con estes materiais, e compartir co resto do CRA as súas experiencias científicas.</p>
<b>Plan/Proxecto: Voz Natura</b>	
<b>Descrición do programa</b>	<p>O programa Voz Natura é unha iniciativa educativa e ambiental que se desenvolve na nosa comunidade. Foi creado polo xornal “La Voz de Galicia” en colaboración con diversas institucións e patrocinadores. O obxectivo principal deste programa é fomentar a conciencia ambiental e a educación ambiental, promovendo a participación activa en proxectos relaiconados coa conservación do medio ambiente e a sostibilidade. A temática deste ano xira en torno á flora e fauna autóctona.</p>
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar e nomear especies autóctonas: axudar ao alumnado a recoñecer e nomear diferentes especies de plantas e animais que son propias de Galicia.</li> <li>2. Comprender a importancia da biodiversidade: ensinar aos estudantes por que é importante preservar a biodiversidade galega e como afecta aos ecosistemas locais.</li> <li>3. Explorar os hábitats locais: estudar e comprender os diversos hábitats naturais de Galicia, como bosques, ríos, praias e montañas, e como inflúen na diversidade da flora e fauna.</li> <li>4. Aprender sobre as relacións ecolóxicas: analizar as relacións entre as especies como depredadores e presas, polinizadores e prantas, e ocmo estas interaccións son fundamentais para o equilibrio dos ecosistemas.</li> <li>5. Identificar ameazas e problemas ambientais: investigar as ameazas á fauna e flora autóctona en Galicia, como a deforestación, a contaminación e o cambio climático.</li> <li>6. Promover a conservación: fomentar a conciencia sobre a importancia de conservar as especies autóctonas e os seus hábitats, e como o alumnado pode contribuir á súa conservación.</li> <li>7. Estudar especies en perigo de extinción: investigar e concienciar sobre as especies autóctonas de Galicia que están en perigo de extinción e as medidas que se están tomando para protexelas.</li> <li>8. Realizar excursións e observacións na natureza: saír ao campo para observar e documentar a flora e fauna autóctona de Galicia no seu entorno natural.</li> <li>9. Promover o uso sostible dos recursos naturais: ensinar ao alumnado como pode empregar os recursos naturais de maneira sostible e responsable.</li> <li>10. Crear conciencia local: fomentar a participación activa da comunidade escolar en proxectos de conservación e restauración de hábitats locais.</li> <li>11. Desenvolver habilidades de investigación: axudar ao alumnado a desenvolver</li> </ol>



	<p>habilidades de investigación, como a recompilación de datos e a presentación de resultados.</p> <p>12. Fomentar a creatividade: incentivar ao alumnado a expresar o que aprenderon a través de proxectos creativos, como debuxos, maquetas, murais ou presentación.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	4º, 5º e 6º de Ed. Infantil + 1º e 2º Ed. Primaria		
<b>Temporalización</b>	<b>1º T</b> ☒	<b>2º T</b> ☒	<b>3º T</b> ☒
<b>Indicador</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar e nomear especies autóctonas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de especies autóctonas identificadas por cada estudante.</li> <li>• Porcentaxe de precisión na identificación de especies autóctonas.</li> </ul> </li> <li>2. Comprender a importancia da biodiversidade: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Porcentaxe de estudantes que poden explicar a importancia da biodiversidade en Galicia.</li> <li>• Número de exemplos de como a perda de biodiversidade afecta aos ecosistemas locais mencionados polos estudantes.</li> </ul> </li> <li>3. Explorar os hábitats locais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de hábitats locais estudados polo alumnado.</li> <li>• Porcentaxe de comprensión de como estes hábitats influen na diversidade de flora e fauna.</li> </ul> </li> <li>4. Aprender sobre as relacións ecolóxicas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de relacións ecolóxicas analizadas polo alumnado.</li> <li>• Porcentaxe de comprensión da importancia destas relacións para o equilibrio dos ecosistemas.</li> </ul> </li> <li>5. Identificar ameazas e problemas ambientais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de ameazas identificadas polo alumnado.</li> <li>• Porcentaxe de estudantes que poden explicar como estas ameazas afectan á fauna e flora autóctona en Galicia.</li> </ul> </li> <li>6. Promover a conservación: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de actividades de concienciación realizadas polo alumnado.</li> <li>• Porcentaxe de estudantes que se comprometen a tomar medidas para a conservación de especies autóctonas.</li> </ul> </li> <li>7. Estudar especies en perigo de extinción: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de especies en perigo de extinción investigadas polo alumnado.</li> </ul> </li> <li>8. Realizar excursións e observacións na natureza: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de excursións realizadas polo alumnado.</li> <li>• Rexistro de observacións de flora e fauna autóctona durante as excursións.</li> </ul> </li> <li>9. Promover o uso sostible dos recursos naturais: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de prácticas sostibles adoptadas polo alumnado.</li> <li>• Porcentaxe de estudantes que comprenden como utilizar os recursos naturais de maneira responsable.</li> </ul> </li> <li>10. Crear conciencia local: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de proxectos de conservación e restauración de hábitats locais nos que participa a comunidade escolar.</li> <li>• Porcentaxe de participación activa da comunidade escolar en proxectos locais.</li> </ul> </li> <li>11. Desenvolver habilidades de investigación: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de proxectos de investigación levados a cabo polo alumnado.</li> <li>• Avaliación da calidade da recopilación de datos e presentación de resultados.</li> </ul> </li> <li>12. Fomentar a creatividade:</li> </ol>		

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliación de proxectos creativos realizados polo alumnado (por exemplo, cualificación de debuxos, maquetas, murais ou presentacións).</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Paula Iglesias Suárez como coordinadora e todos os demais membros do claustro do centro como colaboradores.
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plantación conxunta de árbores autóctonas nun monte do concello en colaboración con Voz Natura e unha asociación de montes local.</li> <li>• Actividades relacionadas coas 3 R: reducir, reciclar e reutilizar. Como por exemplo esculturas con rolos de papel hixiénico, carteis para a identificación dos distintos contenedores de lixo, creación de obras artísticas con elementos do medio natural, etc.</li> <li>• Pequenas investigacións a nivel de escola sobre a flora e fauna autóctona.</li> <li>• Libro conxunto sobre a flora e fauna de Galicia. Cada escola elixirá unha pranta e animal autóctono, realizarán unha pequena investigación dos mesmos e reflexarán o aprendido nunha cartulina tamaño A3. Unha vez recopiladas todas as investigacións crearemos un libro viaxeiro que visitará todas as escolas co fin de que os demais compañeir@s vexan o que aprenderon os demais.</li> <li>• Plantacións nos distintos hortos de cada escola chagada a época da primavera.</li> </ul>

<b>Plan/Proxecto: Espazo das familias</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Programa dentro da consellería de política social do concello para dar un servizo de apoio psicolóxico ás familias do alumnado do centro.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar ás familias.</li> <li>- Xerar pautas de mellora da conduta.</li> <li>- Traballar a autoregulación emocional.</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	5º e 6º de Ed. Infantil + 1º e 2º Ed. Primaria		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de sesións impartidas.</li> <li>• % de familias beneficiadas con este servizo.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Baltasar Figueiras Martínez.		
<b>Actividades</b>	Sesións individuais da psicóloga coa familia implicada. Sesións colectivas co alumnado. Sesións colectivas coas familias.		

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Cando unha entidade quere facer uso dalgunha instalación do centro, ponse en contacto coa dirección do mesmo. Despois tense unha reunión presencial para valorar a utilidade e a viabilidade e si se autoriza o uso darse conta por escrito, notificando deste cambio ao concello.
- Horarios dispoñibles: nas escolas poderíanse empregar algúns espazos tódalas as tardes menos os martes; e a biblioteca central as tardes do luns, xoves e venres.
- Emprego, dende fai bastantes anos, por parte da banda de gaitas Buxaina a segunda aula na Escola de Outeiro para os ensaios, normalmente os sábados entre as 18:00 e 21:00 horas. Excepcionalmente tamén poden ir algún domingo nese horario.

<b>Instalación:</b>			
<b>Entidade que a usa</b>			
<b>Participan membros da comunidade educativa</b>	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
<b>Horario de uso</b>			

## 24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

- Actividades propostas:
  - Pintura: os luns de 18:30 a 19:30 no Centro Cultural A Capela.
  - Inglés a partir de xaneiro.

## 25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidades educativa.
- Medidas e recursos para levala a cabo: enquisas, anotacións, reunións do profesorado e do consello escolar.
- Temporalización: todo o curso. A avaliación é fundamental que sexa continua, non só se pode realizar en momentos puntuais.